

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CONTIDOS BÁSICOS XEOGRAFÍA E HISTORIA

PRIMEIRO CURSO ESO

Bloque 1. Contidos básicos.

- Lectura e interpretación de imaxes e mapas de diferentes escalas e características. Percepción da realidade xeográfica mediante a observación directa ou indirecta. Interpretación de gráficos e elaboración destes a partir de datos.
- Obtención de información de fontes diversas (iconográficas, arqueolóxicas, escritas, proporcionadas polas tecnoloxías da información, etc.) e elaboración escrita da información obtida.
- Localización no tempo e no espazo dos períodos, culturas e civilizacións e acontecementos históricos. Representación gráfica de secuencias temporais.
* Identificación de causas e consecuencias dos feitos históricos e dos procesos de evolución e cambio relacionándoos cos factores que os orixinaron.
- Coñecemento dos elementos básicos que caracterizan as manifestacións artísticas máis relevantes, contextualizándoas na súa época.
- Valoración da herdanza cultural e do patrimonio artístico, particularmente o propio, como riqueza que hai que preservar e colaborar na súa conservación.
- Realización de debates sobre temas de actualidade que poidan ter referentes na antigüidade ou nos contidos xeográficos.
- Elaboración de traballos de campo sobre a realidade xeográfica máis próxima e/ ou o patrimonio arqueolóxico do contorno.

Bloque 2. A Terra e os medios naturais.

- A representación da Terra. Aplicación de técnicas de orientación e localización xeográfica.
- Localización no mapa e caracterización de continentes, océanos, mares.
- Unidades do relevo e ríos no mundo, en Europa, en España e en Galicia.
- Caracterización dos principais medios naturais, identificando os compoñentes básicos do relevo, os climas, as augas e a vexetación; comprensión das interaccións que manteñen. Observación e interpretación de imaxes representativas destes.
- Valoración da diversidade como riqueza que hai que conservar.
- Os grupos humanos e a utilización do medio: análise das súas interaccións.
- As paisaxes naturais e humanizadas. Principais unidades paisaxísticas en Galicia e España.
- A organización do territorio en Galicia: a dispersión da poboación en pequenos asentamentos (aldeas), as parroquias, as vilas e as áreas urbanas.

- Riscos. Estudo dalgún problema ambiental como, por exemplo, a acción humana sobre a vexetación, o problema da auga ou o cambio climático. Toma de conciencia das posibilidades que o medio ofrece e disposición favorable para contribuír ao mantemento da biodiversidade e a un desenvolvemento sustentable.

Bloque 3. Sociedades prehistóricas, primeiras civilizacións e idade antiga.

- Cazadores e recolectores, os primitivos actuais. Cambios producidos pola revolución neolítica. Aspectos significativos da prehistoria no territorio peninsular.
- As primeiras civilizacións urbanas. Orixe do poder político e patriarcado.
- As primeiras formas de poboamento e distribución da poboación en Galicia.
- A cultura castrexa.
- O mundo clásico: Grecia e Roma. As sociedades escravistas. A democracia ateniense.
- As formas de organización económica, social, administrativa e política romanas. O proceso de romanización e as súas consecuencias na Hispania. A cidade e a forma de vida urbana. Achegas da cultura e da arte clásicas.
- Pervivencias do mundo cultural romano na Gallaecia.
- Orixe e expansión do cristianismo. Fin do imperio romano e fraccionamento da unidade mediterránea. O reino suevo como exemplo de adaptación de comunidades endóxeas e esóxeas.

Criterios de Avaliación do Primeiro Curso ESO

1. Localizar lugares ou espazos nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas e obter información sobre o espazo representado a partir da lenda e da simboloxía.
2. Elaborar mapas sinxelos iniciándose no emprego de recursos informáticos.
3. Localizar nun mapa os elementos básicos que configuran o medio físico mundial, de España e de Galicia, caracterizando os trazos que predominan nun espazo concreto.
4. Comparar os rasgos físicos máis destacados (relevo, clima, augas e elementos bioxeográficos) que configuran os grandes medios naturais do planeta, con especial referencia a Galicia, localizándoos no espazo representado e analizando exemplos das paisaxes que resultan da actividade humana.
5. Interpretar a paisaxe do seu contorno, identificando os seus trazos característicos e relacionando elementos físicos, recursos e formas de asentamento rurais ou urbanos.
6. Identificar e explicar exemplos de riscos e de impactos que a acción humana ten sobre o medio, analizando as súas causas e efectos, e proporcionando medidas e condutas para prevelos e limitalos, facendo unha especial referencia ao ámbito galego.
7. Utilizar as convencións e unidades cronolóxicas e as nocións de evolución e cambio, aplicándoas a feitos e procesos referidos á prehistoria e historia antiga do mundo, da Península Ibérica e de Galicia.

8. Identificar e expoñer os cambios que supuxo a revolución neolítica na evolución da humanidade e valorar a súa importancia e as súas consecuencias ao comparalos cos elementos que conformaron as sociedades cazadoras e recolectoras.

9. Diferenciar os trazos que caracterizan algunha das primeiras civilizacións urbanas e a civilización grega, identificando os elementos orixinais desta última e valorando aspectos relevantes da súa contribución á civilización occidental.

10. Comprender os trazos característicos da cultura castrexa, a área xeográfica na que se desenvolveu e a súa particular forma de ocupación do territorio.

11. Caracterizar os trazos da organización política, económica e social da civilización romana na súa época de expansión, valorando a transcendencia da romanización na Hispania e na Gallaecia e a pervivencia do seu legado.

12. Realizar unha lectura comprensiva de fontes de información e comunicar a información obtida de forma correcta por escrito.

13. Utilizar fontes diversas para obter, relacionar e procesar información sobre feitos sociais e comunicar as conclusións de forma organizada e intelixible, empregando para isto as posibilidades que ofrecen as TIC.

SEGUNDO CURSO ESO

Bloque 1. Contidos básicos.

- Localización no tempo e no espazo de períodos e acontecementos históricos. Nocións de simultaneidade e evolución. Representación gráfica de secuencias temporais.
- Recoñecemento de causas e consecuencias nos feitos e procesos históricos distinguindo a súa natureza. Identificación da multiplicidade causal nos feitos sociais. Valoración do papel dos homes e as mulleres como suxeitos da historia.
- Busca, obtención e selección de información do contorno, de fontes escritas, iconográficas, gráficas, audiovisuais e proporcionadas polas tecnoloxías da información. Elaboración escrita da información obtida. Transformación de información estatística en gráficos.
- Recoñecemento de elementos básicos que caracterizan os estilos artísticos e interpretación de obras significativas considerando o seu contexto.
- Valoración da herdanza cultural e do patrimonio artístico como riqueza que hai que preservar e colaborar na súa conservación.

Bloque 2. As sociedade medieval.

- Os séculos medievais. Orixe e expansión do Islam. A sociedade, a economía e o poder na Europa feudal. O rexurdir das vilas, da cidade e o intercambio comercial. A cultura e a arte medieval.
- A Península Ibérica na Idade Media. Al Andalus e os reinos cristiáns. A forma de vida nas cidades cristiás e musulmanas.
- Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais.

Bloque 3. Poboación e sociedade.

- A poboación e a evolución histórica da súa distribución. Aplicación dos conceptos básicos de demografía á comprensión dos comportamentos demográficos actuais, análise e valoración das súas consecuencias no mundo, en España e en Galicia.
- Elaboración e interpretación de datos e gráficos de demografía.
- A mobilidade da poboación: modalidades, etapas, causas e consecuencias.
- Análise do fenómeno migratorio en Galicia.
- As sociedades actuais. Estrutura e diversidade. Desigualdades e conflitos.
- Caracterización da sociedade galega, española e europea. Análise e valoración relativa das diferenzas culturais.
- A transformación das cidades a partir da industrialización, como resposta ás novas necesidades sociais. Urbanización do territorio no mundo actual e xerarquía urbana. A creación do espazo urbano: diferenciación social e funcional nas cidades españolas e galegas.
- Problemas e planeamento urbano.
- O poboamento galego: transformación das formas tradicionais e novo sistema urbano.

Bloque 4. Organización política e espazo xeográfico.

- A organización política das sociedades. Diferentes tipos de réximes políticos. Identificación dos principios e institucións dos réximes democráticos e as dificultades da súa implantación en Latinoamérica, Asia e África.
- O proceso de configuración territorial de Estado español. A organización política e administrativa de España.
- Diversidade xeográfica e desequilibrios rexionais.
- A realidade territorial de Galicia. Aldeas, parroquias, vilas e áreas urbanas.
- Comarcas e parroquias. Os desequilibrios espaciais.
- O espazo xeográfico europeo. Organización política e administrativa da Unión Europea. Funcionamento das institucións. A condición periférica de Galicia e repercusión das políticas europeas. A eurorrexión atlántica Galicia-Norte de Portugal.
- Localización e caracterización dos grandes ámbitos xeopolíticos, económicos e culturais do mundo.

Criterios de Avaliación do Segundo Curso ESO

1. Describir os trazos sociais, económicos, políticos, culturais e artísticos que caracterizan a Europa medieval a partir das funcións desempeñadas pola nobreza, o clero e o campesiñado e recoñecer a súa evolución ata a aparición do Estado moderno.
2. Situar no tempo e no espazo as diversas unidades políticas que coexistiron na Península Ibérica durante a Idade Media, distinguindo as súas peculiaridades

e recoñecendo na España actual exemplos da pervivencia do seu legado cultural e artístico, particularmente no mundo urbano.

3. Valorar a identidade do período medieval galego nos seus momentos fundamentais, destacando o papel hexemónico que exerce a Igrexa na economía, na cultura ou na articulación do poboamento establecendo unha relación entre as súas crises sociais e a xeral do feudalismo.

4. Identificar artísticos da Idade Moderna e localizar os principais estilos e aplicar ese coñecemento á análise dalgunhas obras e autores representativos destes estilos.

5. Describir os factores que condicionan os comportamentos e movementos demográficos, utilizando os conceptos e indicadores básicos, caracterizando as tendencias predominantes e aplicando este coñecemento á análise do actual réxime demográfico de Galicia e España.

6. Analizar algún exemplo representativo das tendencias migratorias na actualidade, identificando as súas causas e relacionándoas co proceso de globalización, así como as consecuencias para os países receptores e emisores, e manifestando actitudes de solidariedade no axuízamento deste fenómeno.

7. Identificar os trazos que caracterizan as sociedades actuais distinguindo a diversidade de grupos sociais que as configuran, e expoñendo algunha situación que relita a desigualdade social.

8. Analizar o crecemento das áreas urbanas e as súas novas modalidades, a diferenciación social e funcional do espazo urbano e algúns dos seus problemas, aplicando este coñecemento a exemplos de cidades españolas e galegas.

9. Realizar de forma individual ou tamén en grupo, coa axuda do profesor, un traballo sinxelo de carácter descritivo sobre dalgun aspecto do curriculum, utilizando fontes diversas.

10. Utilizar fontes diversas para obter, relacionar e procesar información sobre feitos sociais e comunicar as conclusións de forma organizada e intelixible, empregando para isto as posibilidades que ofrecen as TIC.

TERCEIRO CURSO ESO

Bloque 1. Contidos básicos.

- Obtención e procesamento de información a partir da percepción das paisaxes xeográficas do contorno ou de imaxes, de fontes orais e de documentos visuais, cartográficos e estatísticos, incluídos os proporcionados polas tecnoloxías da información e a comunicación. Comunicación oral ou escrita da información obtida.
- Realización de debates, análises de casos ou resolución de problemas sobre algunha cuestión de actualidade servíndose, entre outras, das fontes de información que proporcionan os medios de comunicación, valorando informacións diversas sobre un mesmo feito, fundamentando as opinións,

argumentando as propostas, respectando as dos demais e utilizando o vocabulario xeográfico axeitado.

- Realización de traballos de síntese e de indagación, utilizando información de fontes variadas e presentándoos correctamente, combinando diferentes formas de expresión incluídas as que proporcionan as tecnoloxías da información e a comunicación.

Bloque 2. Actividade económica e espazo xeográfico.

- A actividade económica. Necesidades humanas e recursos económicos. Conceptos, axentes e institucións básicas que interveñen na economía de mercado e a súa relación coas unidades familiares. Cambios recentes no mundo do traballo e o seu impacto espacial: a deslocalización.
- O sector agrario e as transformacións no mundo rural. A actividade pesqueira. A actividade e os espazos industriais. O proceso de terciarización: diversidade e importancia dos servizos na economía actual.
- Localización, caracterización e dinamismo dos principais eixos e focos de actividade económica, con especial referencia ao territorio galego.
- Observación e identificación das principais paisaxes xeográficas derivadas da actividade humana.
- Toma de conciencia do carácter esgotable dos recursos e da necesidade de racionalizar o seu consumo. O impacto da actividade económica: riscos e problemas ambientais. Medidas correctoras e políticas de sustentabilidade. Disposición favorable para contribuír á racionalización no consumo e ao desenvolvemento humano de forma equitativa e sustentable.

Bloque 3. Idade Moderna.

- Características do Estado moderno en Europa. O significado do Renacemento.
- Evolución social, política e económica da Península Ibérica na época moderna. A monarquía hispánica e a colonización de América.
- A Galicia dependente e agraria. Fidalgos e foreiros.
- Arte, ciencia e cultura na época moderna. O Barroco galego.

Criterios de Avaliación do Terceiro Curso ESO

1. Identificar os principais axentes e institucións económicas así como as funcións que desempeñan no marco dunha economía cada vez máis interdependente, e aplicar este coñecemento á análise e valoración crítica dalgunhas realidades actuais.
2. Caracterizar os principais sistemas de explotación agraria e pesqueira existentes no mundo, e as paisaxes a que dan lugar, localizando algúns exemplos representativos destes, e utilizar esa caracterización para analizar

algúns problemas do campo e da pesca españois e galegos, identificando as súas orixes históricas.

3. Comprender e describir as transformacións que nos campos das tecnoloxías, da organización empresarial e da localización se están producindo nas actividades, espazos e paisaxes industriais, localizando e caracterizando os principais centros de produción no mundo, España e Galicia, e analizando as relacións de intercambio desigual.

4. Identificar o desenvolvemento e a transformación recente das actividades terciarias, para entender os cambios que se están producindo tanto nas relacións económicas como sociais, e analizar as súas diversas repercusións espaciais, en particular no ámbito galego.

5. Describir algún caso, con preferencia do ámbito galego, que amose as consecuencias ambientais das actividades económicas e os comportamentos individuais e colectivos, recoñecendo as formas de desenvolvemento sustentable e ofrecendo algún exemplo de medidas correctoras, así como de acordos e políticas para frear o deterioro do medio ambiente.

6. Identificar e localizar os principais países e áreas xeoeconómicas e culturais do mundo, os estados europeos, e as comunidades autónomas de España, coñecendo a estrutura da Unión Europea e a organización político-administrativa e territorial galega e española.

7. Comprender os rasgos xeográficos comúns e diversos que caracterizan o territorio español e galego, e explicar as causas da súa diferente organización e os contrastes internos a partir do papel dos principais centros e eixos de actividade económica e de comunicación, en canto vertebradores do espazo.

8. Analizar indicadores socioeconómicos de diferentes países para comprender os conceptos de desenvolvemento humano e de estado de benestar, e recoñecer desequilibrios na súa distribución e a dos recursos, explicando algunhas das súas causas e consecuencias, e amosando sensibilidade ante as desigualdades.

9. Utilizar fontes diversas para obter, relacionar e procesar información sobre feitos sociais e comunicar as conclusións de forma organizada e intelixible, empregando para isto as posibilidades que ofrecen as TIC.

10. Participar en debates sobre cuestións de actualidade próximas á vida do alumnado, argumentando as propias opinións e manifestando actitudes de solidariedade.

11. Distinguir os principais momentos na formación e evolución do Estado moderno destacando as características máis relevantes da monarquía hispánica e do imperio colonial español.

12. Identificar artísticos do Medievo e localizar os principais estilos, e aplicar ese coñecemento á análise dalgunhas obras e autores representativos destes estilos.

CUARTO CURSO ESO

Bloque 1. Contidos básicos.

- Localización no tempo e no espazo dos acontecementos e procesos históricos máis relevantes do mundo contemporáneo. Identificación dos factores que interveñen nos procesos de cambio histórico, considerando as súas interrelacións.
Diferenciación de causas e consecuencias e valoración do papel dos homes e as mulleres, individual e colectivamente, como suxeitos da historia.
- Procura, selección e obtención de información de fontes escritas, obtida segundo criterios de veracidade e pertinencia, diferenciando os feitos das opinións e as fontes primarias das secundarias. Contraste de informacións contraditorias e/ou complementarias a propósito dun mesmo feito ou situación. Análise e traballo con textos históricos de especial relevancia.
- Análise de feitos ou situacións relevantes da actualidade, particularmente de Galicia, con indagación dos seus antecedentes históricos e das circunstancias que os condicionan.
- Valoración dos dereitos humanos e rexeitamento de calquera forma de discriminación ou de dominio. Visión crítica ante as situacións inxustas e valoración do diálogo e a procura da paz na resolución dos conflitos.
- Recoñecemento dos elementos básicos que configuran os principais estilos ou artistas relevantes do mundo contemporáneo, contextualizándoos na súa época, e interpretación de obras artísticas significativas de arquitectura, artes plásticas, literatura e música.

Bloque 2. Bases históricas da sociedade actual.

- Transformacións políticas e económicas na Europa do Antigo Réxime. A crise do Estado absoluto. As ideas ilustradas. Reformismo borbónico en España. A Ilustración galega: as Sociedades Económicas de Amigos do País.
- Transformacións políticas e socioeconómicas no século XIX. Revolución industrial. Liberalismo, nacionalismo e imperialismo: activismo revolucionario para a transformación de Europa. Novo modelo social e movemento obreiro. A exclusión das mulleres do espazo público e a súa loita pola igualdade: sufraxismo e dereito á educación.
- Crise do Antigo Réxime e construción do Estado liberal na España do século XIX. A fin do imperio colonial español. As desamortizacións e a súa importancia en Galicia.
- Grandes cambios e conflitos na primeira metade do século XX. Imperialismo, guerra e revolución. A depresión de 1929 e o auxe dos fascismos. A revolución soviética.
- Transformacións na España do século XX: crise do Estado liberal; a II República; guerra civil e represión en Galicia; franquismo. As reivindicacións periféricas: o nacionalismo galego.
- Arte e cultura na época contemporánea.

Bloque 3. O mundo actual.

- A orde política e económica mundial na segunda metade do século XX: bloques de poder e modelos socioeconómicos. Os procesos de descolonización e o terceiro mundo. O neocolonialismo. O papel dos organismos internacionais.
- Transición política e configuración do Estado democrático en España. O Estatuto de autonomía de Galicia.
- Proceso de construción da Unión Europea. España e Galicia dentro da Unión Europea hoxe. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.
- Cambios nas sociedades actuais. Os novos movementos sociais e culturais. Os medios de comunicación e a súa influencia.
- A desaparición da URSS e a nova orde mundial: globalización e novos centros de poder.
- Focos de tensión e perspectivas no mundo actual.

Criterios de Avaliación do Cuarto Curso ESO

1. Situar no tempo e no espazo períodos, feitos e procesos históricos relevantes aplicando as convencións habituais no estudo da historia.
2. Identificar as causas e consecuencias de feitos e procesos históricos significativos, establecendo conexións entre elas e recoñecendo a causalidade múltiple que comportan os feitos sociais.
3. Expoñer as características sociais, económicas e políticas do Antigo Réxime derivando delas as transformacións que se producen en Europa no século XVIII e explicando os trazos significativos do reformismo borbónico en España e en Galicia.
4. Identificar os trazos fundamentais das revolucións industriais e liberal-burguesas, valorando os grandes procesos de transformación que experimentou o mundo occidental, e analizando as particularidades destes procesos en España e Galicia en comparación con outros exemplos representativos.
5. Explicar as razóns da hexemonía política e económica dos países europeos desde a segunda metade do século XIX, identificando os conflitos e problemas que caracterizan estes anos, tanto entre como dentro dos estados, especialmente os relacionados coa expansión colonial e coas tensións sociais e políticas.
6. Caracterizar e situar cronolóxicamente e xeográficamente as grandes transformacións e conflitos mundiais que tiveron lugar na primeira metade do século XX.
7. Analizar os procesos de cambio desde a segunda metade do século XX, e aplicar este coñecemento á comprensión dalgúns dos problemas internacionais máis destacados da actualidade.
8. Identificar e caracterizar as distintas etapas da evolución política, social e económica de España e de Galicia durante o século XX e os avances e retrocesos no camiño cara á modernización económica, á consolidación do sistema democrático, e á pertenza á Unión Europea.

9. Realizar traballos individuais ou en grupo sobre algún tema do curriculum, utilizando para iso diversas fontes de información.
10. Utilizar fontes diversas para obter, relacionar e procesar información sobre feitos sociais e comunicar as conclusións de forma organizada e intelixible, empregando para isto as posibilidades que ofrecen as TIC.

1º BACHARELATO: HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

CONTIDOS MÍNIMOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será continua e terá en conta todos os elementos que constitúen o currículo: contidos, procedementos, actitudes. No caso de que, no desenvolvemento da avaliación continua, se detectara que algún ou algunha alumno non progresa axeitadamente, adoptaranse as medidas de reforzo e de atención individualizada necesarias para que puidera acadar os obxectivos marcados para o curso.

Como criterios de avalización e contidos mínimos para a Historia do Mundo Contemporáneo sinalamos:

1. Identificar e caracterizar as transformacións relevantes desde a crise do Antigo Réxime ata a Primeira Guerra Mundial, nos seus diferentes ámbitos, sinalando o seu distinto grao de influencia nas distintas zonas do mundo, o papel hexemónico das grandes potencias e os seus imperios coloniais, as consecuencias económicas, sociais e culturais nas áreas colonizadas, así como os conflitos suscitados entre elas.
2. Situar cronoloxicamente os acontecementos e procesos relevantes da historia do mundo nos séculos XIX e XX, abordando a relación existente entre a acción individual e os comportamentos colectivos e identificando feitos e estruturas de diferente duración e fenómenos de cambio e continuidade.
3. Localizar no espazo acontecementos históricos característicos da época contemporánea.
4. Identificar as normas e intereses que regulan as relacións entre os Estados no século XX, analizando en profundidade as causas dun conflito bélico importante e os principais mecanismos arbitrados para articular as relacións internacionais, valorando a súa eficacia para manter a paz e a seguridade internacional.
5. Identificar e explicar os principios que inspiran a organización e institucións dos sistemas parlamentarios, os factores que influíron no seu progresivo desenvolvemento e os que fixeron posible, en determinadas circunstancias históricas, a quebra do réxime democrático, valorando a loita e o esforzo de persoas e grupos na conquista histórica dos valores democráticos,

dos dereitos humanos, das liberdades individuais e do dereito á participación política de cidadáns e cidadás.

6. Situar cronoloxicamente e distinguir as características dos períodos de expansión e recesión que ha experimentado a economía mundial contemporánea, determinando, a través dun caso significativo, as implicacións que os períodos dun e outro signo teñen nas relacións sociais, os xeitos de vida, a ocupación laboral ou a política internacional.

7. Sintetizar a evolución histórica dalgún dos países que han experimentado no século XX un proceso de descolonización, identificando as súas principais características e problemas, como a dependencia económica, o crecemento demográfico e o desigual reparto da riqueza e relacionandoos coa experiencia colonial e a situación actual nun mundo interrelacionado.

8. Explicar o desenvolvemento histórico dos conflitos, problemas e desequilibrios característicos do mundo contemporáneo, especialmente aqueles derivados da industrialización, da consolidación do capitalismo e da expansión imperialista, analizando as causas que xeran as desigualdades e inxustizas sociais.

9. Describir a actual configuración da Unión Europea valorando a súa significación no contexto e presenza no mundo.

10. Caracterizar as transformacións máis significativas que se produciron no mundo desde o último terzo do século XX, valorando a existencia de novos centros de poder a un tempo que o impacto da globalización nas esferas política, económica e cultural.

11. Identificar e analizar os principios ideolóxicos do pensamento político e económicos xurdidos na época contemporánea (liberalismo, nacionalismo, socialismo, anarquismo, feminismo, fascismo) relacionandoos coas circunstancias históricas en que se xeran e valorando a súa incidencia en diferentes procesos históricos, desde a crise do Antigo Réxime e as revolucións liberais burguesas ata a actualidade.

12. Obter e analizar información sobre o pasado de fontes diversas, valorar a súa relevancia e establecer relacións cos coñecementos adquiridos, empregando axeitadamente a terminoloxía histórica e recoñecendo a pluralidade de percepcións e interpretacións que pode ter unha mesma realidade histórica.

13. Presentar un informe, oral ou escrito, sobre algún feito histórico a partir da información de distintas fontes, incluídos os medios de comunicación e as tecnoloxías da información, tomando en consideración os antecedentes históricos, analizando as interrelacións, axuizando a súa importancia no contexto e utilizando axeitadamente os conceptos propios da historia contemporánea.

14. Analizar historicamente cuestións de actualidade e os problemas das sociedades contemporáneas a través de exposicións orais, debates ou grupos de discusión, onde lle valore as pervivencias do pasado, a evolución dos costumes e das mentalidades, a influencia das innovacións científico-técnicas, e manifestando rigor intelectual, corrección na expresión das súas propias ideas e respecto ás ideas e opinións distintas. Desenvolver hábitos de traballo individual e cooperativo.

15. Adquirir un vocabulario específico da Historia.

16. A cualificación do trimestre será basicamente a nota do exame, complementada polas aportacións do alumno nas clases e pola presentación dos exercicios obrigatorios e voluntarios propostos. Cada avaliación poderá levar asociada unha proba de recuperación. A puntuación obtida ,na recuperación, é a referencia para ó computo da nota final. É obrigatorio presentarse a recuperación para facer a media matemática do curso.

17. Os traballos e exames realizados polos alumnos deberán presentar unha correcta expresión ortográfica, léxica e semántica, de non ser así descontarase na súa cualificación.

18. Farán o exame global final de toda a materia todos os alumnos que teñan como mínimo dúas avaliacións suspensas.

19. No caso de que o alumno só teña suspensa unha avaliación, si a nota media global é menor de cinco, terá que facer o exame final global.

20. Os alumnos que non asistan a clase, incumprindo a normativa do Centro, perderán o dereito á avaliación continua.

2º BACHARELATO: XEOGRAFÍA DE ESPAÑA. CONTIDOS BÁSICOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

CONTIDOS BÁSICOS

Principios xerais

- Utilizar correctamente sen faltas de ortografía e boa sintaxe a linguaxe escrita.
- Saber ordenar e xerarquizar ideas.
- Usar un vocabulario básico de termos xeográficos de cada unha das unidades.
- Saber interpretar os documentos cartográficos e gráficos de todo tipo que estén en relación coa materia que se presenta en cada unha das unidades.

Unidade 1. O territorio do Estado español.

- Saber localizar, utilizando a latitude e lonxitude, algún punto elexido sobre o mapa de España.
- Sobre un mapa mudo: saber sinalar e identificar as provincias e comunidades autónomas de España. Saber definir estas dúas entidades administrativas e dar sinal da súa orixe e funcionamento.
- Coñecer outras entidades locais: como o concello.
- Importancia da Comarca e da Parroquia no caso galego como entidades de ordenación do territorio.
- Coñecer os principais organismos da UE e os países que conforma ésta na actualidade.

Unidade 2. O medio natural e as súas paisaxes.

- Mapa mudo no que os alumnos e alumnas deben sinalar e comentar as principais subunidades do medio físico.
- Ofrecer datos de temperatura e precipitación dun punto xeográfico determinado para que os alumnos realicen correctamente un climograma e o comenten sabendo determinar que tipo de clima é.
- Mapa de España e de Galicia onde os alumnos sinalen e identifiquen ríos e sistemas montañosos máis importantes.
- Definir con propiedade os conceptos aprendidos nesta unidade.

Unidade 3. A poboación.

- Ante un mapa de densidades de poboación nas provincias españolas, comentar os desequilibrios e razóns que os propiciaron así como a presión que exerce este fenómeno sobre o medio.
- Comentario comparado das pirámides de poboación. Deducir o réxime demográfico ó que pertencen.
- Realizar e comentar gráfico da evolución da poboación española.
- Definir brevemente os conceptos xeográficos aprendidos nesta unidade.

Unidade 4. A Urbanización.

- Ante un plano da cidade identificar factores xeográficos de localización e emplazamento, tipo de plano (morfoloxía) e usos de chan (estructura).
- Analizar, brevemente, a xerarquía urbana existente en España.
- Definir brevemente os conceptos xeográficos aprendidos nesta unidade como: área metropolitana, estrutura, morfoloxía, cidade satélite, conurbación, ensanche...

Unidade 5. As actividades do sector primario.

- Ante unha fotografía de espacios agrarios españois, tratar de dar resposta a; identificación do parcelario, cultivos que aparecen, elementos de adaptación ós condicionantes do medio físico, comentario razoado do tipo de agricultura que mostran destacando as peculiaridades e a que área xeográfica corresponde.
- Importancia deste sector na economía española. Características da política comunitaria dentro da agricultura e pesca de España.
- Definir brevemente os conceptos xeográficos aprendidos nesta unidade didáctica.

Unidade 6. A Industria.

- Identificar as áreas industriais nun plano e comentar os factores de localización desas industrias e subsectores.
- Desenvolver os conceptos sobre a actividade industrial.

Unidade 7. Servicios e transporte.

- Analizar e comentar o mapa de redes de transporte terrestre, marítimo ou aéreo. Desequilibrios e xerarquización.
- Definir os conceptos sobre a actividade comercial e os servicios.

AVALIACIÓN

Procedemento de avaliación

Ao finalizar cada dúas unidades didácticas o alumnado realizará unha proba escrita que versará sobre os conceptos e procedementos que se traballaron. As cuestións serán semellantes ós exercicios realizados previamente. Os procedementos expostos serán utilizados en cada un dos tres períodos de avaliación en que se secuenciaron os contidos.

O exame constará de tres partes (idénticas ao exercicio que se fará nas PAU):

- a) Definición breve de cinco conceptos xeográficos básicos relacionados cos temas.
- b) Desenvolvemento dun tema de xeografía.
- c) Lectura, interpretación, explicación e análise crítico dun documento gráfico.

Realizárase como mínimo dous parciais por trimestre.

Criterios de cualificación

A primeira pregunta (definicións) terá unha puntuación máxima de 2 puntos (0'4 por concepto). Requírese resposta breve (máximo cinco liñas) e concreta

(utilizando termos con significado xeográfico), que cumpla o criterio fundamental de toda definición (non repetir o concepto a definir na mesma).

A segunda pregunta (desenvolvemento dun tema ou unha cuestión) terá unha puntuación máxima de 4 puntos. Solicítase que o alumno responda á cuestión proposta da forma máis completa posible, é dicir, plantexando a resposta en base ós caracteres xeográficos máis relevantes do tema; valorarase a organización dos contidos, o nivel explicativo do seu desenvolvemento, e a capacidade para establecer relacións comparativas. Requírese boa redacción sen faltas de ortografía.

A terceira pregunta (comentario dun documento, gráfica ou mapa) (localización, lectura, interpretación, explicación e análise crítica). Terá unha puntuación máxima de 4 puntos. Requírese a correcta interpretación do documento, valorando tanto a comprensión (lectura), como a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa procedente, de causas e consecuencias posibles.

Con vistas a facilitar a resolución deste exercicio práctico se recordan os puntos básicos ós que debe atender a resposta:

- a) Localizar os elementos xeográficos solicitados, físicos e políticos.
- b) Definir a tipoloxía da imaxe: identificar o sistema de representación, así como a información que contén e a súa estrutura (tipo de escala e datos...).
- c) Localizar no espazo e no tempo: o ámbito territorial considerado, secuencia temporal que abarca e significación da mesma respecto ó fenómeno tratado (por exemplo se é un gráfico da emigración, se o período temporal constitúe unha ou varias etapas de singular importancia).
- d) Centrar o comentario (análise, explicación e interpretación) nos acontecementos reflexados (por exemplo, no caso dun gráfico de emigración, na intensidade e dirección dos fluxos; no caso dun diagrama climático, no réxime de temperaturas e precipitacións), aludindo ós aspectos relacionados (nos casos anteriores: situación socioeconómica, política; situacións atmosféricas e paisaxes bioclimáticos asociados).
- e) Contrastar e comparar os resultados da interpretación con aspectos ou feitos similares, noutros ámbitos espaciais, que axuden á comprensión e explicación do fenómeno (por exemplo, nos casos anteriormente citados, correntes de emigración comparables noutros países e períodos; diversificación e extensión territorial das condicións climáticas analizadas).
- f) Aportación crítica sobre algún aspecto derivado da interpretación do fenómeno, se dá lugar, no contexto da dinámica do mundo actual, e conclusións.

- 1) Farán o exame global final de toda a materia todos os alumnos e alumnas que teñan como mínimo dúas avaliacións suspensas.
- 2) No caso de que o alumno ou alumna só teña suspensa unha avaliación, si a nota media global é menor de cinco, terá que facer o exame final global.
- 3) O alumnado que non asistan a clase, incumprindo a normativa do Centro, perderá o dereito á avaliación continua.

2º BACHARELATO HISTORIA DE ESPAÑA:

CONTIDOS BÁSICOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os procedementos e instrumentos de avaliación e cualificación

Para a avaliación da aprendizaxe do alumnado deberán terse en conta tanto o traballo individual de cada alumno como o realizado en grupo. Para o cal haberá que ter en conta:

- 1 A comprensión dos contidos conceptuais.
- 2 O nivel de descrición, de relación e de análise alcanzado en relación cos contidos procedementais.
- 3 A adquisición e desenvolvemento dos contidos actitudinais.
- 4 A expresión e comprensión oral e escrita.
- 5 A responsabilidade asumida na realización dun traballo en grupo, así como a capacidade organizativa e de coordinación de tarefas.
- 6 A calidade e variedade das fontes empregadas, así como a presentación formal dun traballo.

A valoración global do alumnado debe ser o resultado dun proceso o máis obxectivo posible, en permanente toma de datos procedentes da observación directa na aula e das probas e traballos realizado ao longo de curso. Como peso específico destes datos pode non ser equiparable, os alumnos deben coñecer previamente a porcentaxe que cada tipo de proba, traballo e outros elementos terán na súa cualificación final. En calquera caso terá en conta:

- 1 Probas orais e escritas sobre contidos previamente traballados na aula.
- 2 Probas orais e escritas sobre contidos adquiridos a través de indagacións e investigacións realizadas de forma individual ou en grupo.
- 3 Datos relativos ao comportamento, actitude, interese, motivación... e funcionamento na clase e nos traballos de grupo.

Nas probas escritas poderán presentarse ao alumnado:

- 1 Textos, gráficas, imaxes e mapas históricos para ser analizados e comentados, de acordo coas pautas dadas na aula.
- 2 Termos para ser definidos
- 3 Preguntas que o alumnado debe contestar a partir dos contidos desenvolvidos na aula.
- 4 Desenvolvemento dun tema, a partir de fontes documentais, que o alumnado debe analizar e ter en conta.

Os criterios de cualificación

- A cualificación dos alumnos en cada trimestre é resultado das cualificacións das probas escritas, do traballo na aula. Os aspectos conceptuais e

procedimentais non superados poden ser recuperados en probas extraordinarias escritas e orais. O mesmo criterio rexe para as probas extraordinarias de setembro.

- Os traballos e exames realizados polos alumnos deberán presentar unha correcta expresión ortográfica, léxica e semántica, de non ser así descontarase na súa cualificación.
- En cada avaliación os alumnos farán a lo menos unha proba escrita, seguindo as normas fixadas polos Grupos de Traballo, que será avaliada segundo os criterios fixados pola CIUG (tendo en conta a expresión, ortografía e sintaxe correcta). En cada trimestre o profesor ou profesora poderá esixir a presentación de comentarios de texto sobre os temas estudados, os traballos deberán ser avaliados previamente á sesión de avaliación correspondente, polo que serán entregados ó profesor dez días antes de dita sesión.
- A cualificación do trimestre será basicamente a de dita proba, complementada polas aportacións do alumno nas clases e pola presentación dos exercicios obrigatorios e voluntarios propostos. Cada avaliación poderá levar asociada unha proba de recuperación. A puntuación obtida, na recuperación, é a referencia para ó computo da nota final.
- Para a cualificación de cada avaliación teranse en conta, a parte das probas escritas puntuadas sobre 10, o traballo e a actitude do alumno cara a materia.
- Por traballo, enténdese as actividades que se realicen na clase e os comentarios ou tarefas na casa.
- Farán o exame global final de toda a materia todos os alumnos que teñan como mínimo dúas avaliacións suspensas.
- No caso de que o alumno só teña suspensa unha avaliación, si a nota media global é menor de cinco, terá que facer o exame final global.
- Os alumnos que non asistan a clase, incumprindo a normativa do Centro, perderán o dereito á avaliación continua.

A especificación dos mínimos esixibles para obter unha avaliación positiva son os contemplados do decreto do bacharelato de Ensinanzas mínimas establecidas polo Real DECRETO 126/2008 DO 19 DE XUÑO

2º BACHARELATO: HISTORIA DA ARTE. CONTIDOS BÁSICOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Contidos comúns

- A arte como expresión humana no tempo e no espazo: significado da obra de arte.
- Aplicación dun método de análise e interpretación de obras de arte significativas en relación cos estilos e artistas relevantes.
- Emprego dunha linguaxe técnica axeitada.
- A obra artística no seu contexto histórico. Función social da arte nas diferentes épocas: artistas, mecenas e clientes. As mulleres artistas e as mulleres na arte.
- A peculiaridade da linguaxe plástica e visual: materiais, técnicas e elementos formais. Importancia da linguaxe iconográfica.
- Elaboración de valoracións críticas e persoais sobre obras de arte concretas de diferentes períodos estilísticos, considerando o contexto en que foron creadas.
- Realización de traballos de investigación relativos a diferentes aspectos da historia da arte, seleccionando e empregando información procedente de diversas fontes.
- Actitude activa fronte á conservación do patrimonio artístico e o seu coñecemento, así como ante a súa transmisión ás demais persoas do contorno.
- **Raíces da arte europea: o legado da arte clásica.**
 - Grecia, creadora da linguaxe clásica: a arquitectura grega. As ordes. O templo e o teatro. A acrópole de Atenas. A evolución da escultura grega.
 - A visión do clasicismo en Roma: a arquitectura romana. A cidade. Tipoloxías construtivas. A escultura. O retrato. O relevo histórico.
 - A arte na Hispania romana e a súa presenza en Galicia.
 - Achegas da primeira arte cristiá: a basílica. A nova iconografía.
 - Arte bizantina. A época de Xustiniano: Santa Sofía de Constantinopla e San Vital de Ravena.
- **Nacemento da tradición artística occidental: a arte medieval.**
 - O prerrománico: contexto europeo. O prerrománico español e a súa incidencia en Galicia: visigodo e asturiano. A arte mozárabe.
 - A arte islámica: orixes e trazos distintivos da arte islámica. A arte hispanoárabe.
 - A arte románica como primeira definición de occidente. A arquitectura: igrexas e mosteiros. O mosteiro de Cluny. As artes plásticas: a escultura e a pintura mural; función didáctica. A arte no Camiño de Santiago. O románico en Galicia.
 - Innovacións cara ao gótico. Os mosteiros cistercienses en Galicia.
 - A arte gótica como expresión da cultura urbana; humanización e naturalismo. O sistema construtivo: a catedral gótica e outras tipoloxías urbanas. As artes

plásticas: escultura, pintura e retablos, vidreiras; o Trecento italiano. O gótico español.

- **Desenvolvemento e evolución da arte europea no mundo moderno.**
 - O Renacemento. Os precedentes italianos e a contribución do primitivismo flamenco. O humanismo.
 - O Quattrocento italiano: a reformulación da linguaxe clásica. A arquitectura. A renovación da escultura. Novos sistemas de representación na pintura.
 - O Cinquecento: clasicismo e manierismo na arte italiana. O templo, o pazo e a vila. A escultura. A evolución da pintura. O Renacemento no resto de Europa.
 - O Renacemento en España. Arquitectura: inicios, clasicismo e manierismo. Escultura. A pintura: o substrato flamenco e a influencia italiana; o Manierismo.
 - Unidade e diversidade do Barroco. A linguaxe artística ao servizo do poder civil e eclesiástico. Orixes do Barroco: Italia. Arquitectura, escultura e pintura. A arquitectura clasicista de Francia. A pintura en Flandres e Holanda. Outras manifestacións artísticas europeas.
 - O Barroco hispánico. Urbanismo e arquitectura. A imaxinaría. O Século de Ouro da pintura española. O Barroco galego: arquitectura civil e relixiosa.
 - A arte ao final do Antigo Réxime. O Rococó e o neoclasicismo: características xerais. Arquitectura, pintura e escultura. A súa presenza en España.
- **O século XIX: a arte dun mundo en transformación.**
 - A personalidade independente de Goya.
 - A Revolución Industrial e o impacto dos novos materiais na arquitectura: do Eclecticismo ao Modernismo.
 - Nacemento do urbanismo moderno.
 - As artes plásticas do Romanticismo ao Impresionismo.
- **A ruptura da tradición: a arte na primeira metade do século XX.**
 - As vangardas nas artes plásticas. Influencia das tradicións non occidentais. Fauvismo, Expresionismo, Cubismo e as súas variantes. Os inicios da abstracción. Dadá e o Surrealismo. Novas formas na escultura.
 - Renovación da linguaxe arquitectónica: arquitectura funcional e orgánica. O urbanismo no século XX.
 - Arquitectura en Galicia. As artes plásticas.
- **A arte no noso tempo: universalización da arte.**
 - O estilo internacional na arquitectura. A arquitectura posmoderna. A Transvangarda, o Novo realismo, o Posmodernismo. Do happening ás instalacións.
 - As artes plásticas. O Expresionismo abstracto e o Informalismo, a Abstracción pospictórica, a Pop art, Hiperrealismo, arte conceptual. Últimas tendencias.
 - Perspectiva da arte en Galicia na segunda metade do século XX.

- O patrimonio artístico como riqueza cultural e trazos de identidade. A preocupación pola súa conservación. Bens que integran o patrimonio artístico español e galego. Museos e coleccións representativas.
- **A arte e a cultura visual de masas.**
 - Arte e cultura visual de masas: a arte como ben de consumo.
 - Novos sistemas visuais: fotografía, cine, cartelismo, combinación de linguaxes expresivas. O impacto das novas tecnoloxías na difusión e na creación artística.
 - O cartel e o deseño gráfico. A banda deseñada.
 - A aplicación á arte das novas tecnoloxías.
 - Tendencias actuais en Galicia.

Os criterios de avaliación, relacionados coas competencias básicas

1. Analizar e comparar os cambios producidos na concepción da arte e das súas funcións en distintos momentos históricos e en diversas culturas.
2. Analizar e interpretar obras de arte empregando un método que teña en conta os elementos que as conforman (materiais, formas, tratamento do tema, personalidade do e da artista, clientela, técnicas utilizadas, etc.), así como a súa relación co contexto histórico e cultural en que foron creadas, valorando a participación correcta.
3. Identificar en obras de arte representativas dunha época ou momento histórico as características máis destacadas que permitan relacionalas cun determinado estilo artístico ou con artistas, valorando, se é o caso, a diversidade de correntes que poden coincidir nunha mesma época.
4. Caracterizar os principais estilos artísticos da tradición cultural europea e describir os seus trazos básicos, situalos nas coordenadas espacio-temporais e relacionalos co contexto en que se desenvolven.
5. Analizar e comparar distintas concepcións estéticas e trazos estilísticos para apreciar as permanencias e os cambios que teñen lugar ao longo da historia.
6. Recoñecer e analizar obras significativas de artistas relevantes, con atención a artistas de Galicia e do Estado español, distinguindo tanto os trazos diferenciadores do seu estilo como as súas particularidades.
7. Explicar a presenza da arte na vida cotiá e nos medios de comunicación social empregando un vocabulario axeitado, defendendo as opinións de forma razoada e respectuosa.
8. Preparar e planificar a visita a monumentos artísticos, museos e/ou exposicións de diferente índole, solicitando e elaborando a información necesaria cos medios ao seu alcance.
9. Expresar, oralmente ou por escrito, valoracións persoais, críticas e fundadas sobre as obras estudadas e sobre o seu estado de conservación.

10. Realizar e expor traballos sobre calquera aspecto da historia da arte que requiran a utilización das fontes de información ao seu alcance, así como a análise e utilización rigorosa da información obtida, empregando a terminoloxía específica das artes visuais.

Non só debemos avaliar o que o alumnado sabe, senon tamén o que son capaces de facer, as destrezas que poden desenvolver e o grado de consecución dos obxectivos iniciais da programación. Todo isto estará en función das actividades realizadas na clase e destinadas a estimular o desenvolvemento da súa capacidade de aprendizaxe e de conceptualización. Nunha palabra a avaliación debe ser un **PROCESO, UNHA SUMA DE PROGRESOS**

Os criterios de cualificación

A cualificación dos alumnos en cada trimestre é resultado das cualificacións das probas escritas do traballo na aula e da actitude cara á asignatura e os compañeiros

Os aspectos conceptuais e procedimentais non superados poden ser recuperados en probas extraordinarias escritas, mentres que as carencias actitudinais só poden ser recuperadas cun cambio de actitude positivo na aula. O mesmo criterio rexe para as probas extraordinarias de setembro.

O carácter da asignatura e as disposicións oficiais (CIUG) lévannos a plantexar as probas escritas cun carácter continuista, incluíndo na segunda avaliación parte da materia teórica da primeira e na terceira parte dos contidos das precedentes. A cualificación da terceira proba escrita terá, polo tanto, máis peso na cualificación final que as dúas anteriores.

A cualificación de cada avaliación será o resultado das probas escritas (prácticas e teóricas) matizada en sentido positivo polas cualificacións dos traballos e da participación activa na aula.

O alumnado que non asista a clase, incumprindo a normativa do Centro, perderá o dereito á avaliación continua.

A especificación dos mínimos esixibles para obter unha avaliación positiva

Os contemplados do decreto do bachalerato de Ensinanzas mínimas establecidas polo Real DECRETO **126/2008 DO 19 DE XUÑO**

Nota aclaratoria sobre a avaliación de todas as materias de Ciencias Sociais, Xeografía, Historia e Hª da Arte:

- En cada aproba de avaliación virá especificada o valor da cualificación dos exercicios.
- Para poder aprobar hai que ter como mínimo un 5 na puntuación.